



OS DEUSES TAMÉN SE DIVIRTEN, OU ISO DIN...

Xa é de noite, e o enigmático pub “O Refuxio” abre as súas portas a unha clientela moi selecta. Deuses de todos os panteóns e criaturas mitolóxicas acoden para relaxarse, intercambiar chismes, e a meirande parte das veces, meterse en problemas. Só eles saben como acabarán as cousas.

Neste xogo, cada xogador interpretará a un deus ou criatura mitolóxica, o cal deben escoller antes de comezar a partida. Un deles será o “Dono do Refuxio”, Sam, un ente do cal se descoñece a súa orixe, que describirá o seu local, así como o resultado das accións dos xogadores.

Son deuses ou seres feéricos, así que calquera cousa que desexen facer e entre dentro do seu ámbito a conseguen. Se compiten con outros seres, rolan 1d10; 2d10, se o que fan entra no seu campo (os resultados súmanse). Compáranse os resultados e a rolada máis alta gaña. O gañador, coa aprobación do Dono, describe o que ocorre.

Antes de comezar, cada xogador escribe un evento problemático en segredo. O Dono elaborará a “noite” a partir deses problemas.

UN XOGO ESCRITO E MAQUETADO POR JOSÉ FRANCISCO RIERA DÍAZ
COA COLABORACIÓN DAS BOAS XENTES DE VAS DADO

